

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE SARRIA PARA A RENOVACIÓN DE CUBERTA DA CASA DO MARQUÉS (VILA ANDREA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Sarria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Sarria para levar a cabo a substitución da cuberta da Casa do Marqués (Vila Andrea).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Sarria pretende levar a cabo a substitución da cuberta da Casa do Marqués. A actual cuberta de zinc, sobre a que se realizaron ao longo do tempo distintas reparacións e actuacións puntuais, presenta un avanzado estado de deterioración. Tanto o edificio como a Praza da Vila son espazos de uso público e de titularidade municipal. Ao longo do ano acollen de maneira continuada diversas iniciativas culturais, actos públicos e actividades impulsadas tanto pola administración local como por asociacións culturais do municipio, constituíndo infraestruturas de referencia para a dinamización social e a participación veciñal.

A localización céntrica da Praza da Vila e da Casa do Marqués, xunto coa súa proximidade ao casco histórico de Sarria e ao paso do Camiño Francés, converten este enclave nun punto de encontro habitual para veciñanza, visitantes e persoas peregrinas, favorecendo a convivencia, a difusión cultural e a proxección exterior do municipio. Polo seu carácter público, social e integrador, trátase dun espazo cunha clara finalidade de interese xeral, orientado ao acceso universal á cultura, á participación cidadá e á cohesión social.

Por todo o anterior, o concello de Sarria é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda



concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

